

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 15 DE XULLO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Proxecto de Lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e de actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e do seu financiamento, e outras medidas tributarias.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regulan as mencións relativas á orixe ou procedencia galega na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimentarios.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de varios treitos de estradas autonómicas a prol do Concello de Santiago de Compostela.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos, de ata o 80%, nas subvencións derivadas da Resolución do Servizo Galego de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións a entidades locais para apoio aos centros de información ás mulleres e se procede á convocatoria para o ano 2010.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio trilateral de colaboración entre o Ministerio de Xustiza, a Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es, para o desenvolvemento de servizos públicos dixitais no ámbito da Administración de Xustiza, programa "lus+reD", cun importe dun millón novecientos quince mil trescentos sesenta e catro euros (1.915.364 €).

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Boiro para a execución da obra de colectores de saneamento no río Coroño. 2ª fase. Concello de Boiro (A Coruña), clave OH.315.870, por importe de oitocentos corenta e un mil cento tres euros con oitenta e dous céntimos (841.103,82 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Concello de Barreiros, para a construción dunha área de estacionamento de autobuses no referido concello, por importe de douscentos dezaseis mil euros (216.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Concello de Ponteceso, para a construción dunha área de estacionamento de autobuses en Corme, por importe de douscentos dezaseis mil euros (216.000,00 €).

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer un único anticipo do 80% do importe da subvención, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, regulada no convenio de colaboración entre esta Consellería e a Fundación Galicia Empresa, para o fomento e normalización do uso do galego na empresa, por un importe de corenta mil euros (40.000,00 €).
- Acordo polo que se exixe da constitución de garantías nos pagamentos á conta e nos pagamentos anticipados nas axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (Energylab), para a realización do proxecto demostrativo titulado: "Aplicación de sistema de alimentación híbrida en buque de pesca", así como o establecemento dun único anticipo do 80%, en cada unha das dúas anualidades da subvención regulada nel, por importe de setecentos tres mil euros (703.000,00 €).

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Cultura e Turismo, a Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia, para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

**INFORMES****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ás PEMES para o financiamento de actuacións destinadas á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental e se fai pública a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria do concurso público dos dereitos mineiros caducados da provincia de Ourense.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe da situación das listas de espera no Servizo Galego de Saúde.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre o acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Arquidiocese do Arcebispado de Santiago de Compostela para a apertura ao público do Panteón de Galegos Ilustres.

**A XUNTA REBAIXA OS IMPOSTOS PARA REACTIVAR O SECTOR DA VIVENDA, FAVORECER A REHABILITACIÓN E FOMENTAR A COMPETENCIA HIPOTECARIA**

- *Beneficiará 90.000 galegos cada ano ao baixar entre un 33 e un 25% o IAXD para adquirir vivendas e ao diminuír na mesma proporción a formalización do préstamo*
- *Mercar unha vivenda nova en Galicia será 400 euros máis barato e o aforro na compra dunha usada chegará aos 1.500*
- *O Goberno galego renuncia á adaptar o ITP que grava as vivendas usadas á suba dun punto do IVE decidida polo Executivo central para as novas*
- *Ademais do aforro fiscal, estas medidas contribuirán a que o sistema fiscal aplicable en Galicia sexa máis neutral respecto á elección entre vivenda nova o usada*
- *As novas decisións servirán como medidas desincentivadoras da fraude fiscal na rehabilitación e fomentarán o emprego entre os parados do sector da construción*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a segunda rebaixa selectiva de impostos co obxectivo de reactivar o sector da vivenda, favorecer a rehabilitación e fomentar a competencia hipotecaria. Con esta medida mercar unha vivenda nova tipo en Galicia de 100 metros cadrados será 400 euros máis barato e o aforro na compra dunha usada chegará aos 1.500.

O Executivo autonómico deu luz verde ao proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e de actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e do seu financiamento, e outras medidas tributarias. Agora o texto irá ao Parlamento para o seu trámite e a súa posterior aprobación.

Ademais, a Xunta renuncia á adaptación do imposto de transmisións patrimoniais (o que grava as vivendas usadas) á suba dun punto do IVE decidida polo Goberno central, que entrou en vigor para as novas o pasado 1 de xullo. Esta rebaixa dos impostos de actos xurídicos documentados (AXD) e de transmisións patrimoniais (ITP), que se prevé que beneficiará de maneira directa máis de 90.000 galegos, terá un impacto de 9,2 millóns de euros anuais.

O Executivo autonómico, tras constatar os efectos beneficiosos da primeira rebaixa selectiva, que reduciu á metade o ano pasado o IAXD e ITP a menores de 36 anos e familias numerosas, segue na mesma senda. Neste sentido, a Xunta estima oportuno poñer en funcionamento novas medidas tributarias para seguir inxectando liquidez e continuar restaurando a confianza dos consumidores ante os efectos da actual crise económica.

O Executivo autonómico rebaixará un 25% o imposto de actos xurídicos documentados (IAXD) para a adquisición de vivendas (do 1 ao 0,75%) e un 33% cando se trate da primeira compra para vivenda habitual (do 0,75 ao 0,5%). Ademais, diminuirá na

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

mesma proporción o IAXD para a constitución de préstamos hipotecarios que financien estas compras.

Dado que a Xunta non ve conveniente as subas impositivas na actual conxuntura económica, Galicia non só non incrementará o tipo de gravame na transmisión de vivendas usadas (de 7% ao 8%) para corrixir o desequilibrio provocado pola subida do IVE que grava a vivenda nova, senón que rebaixará o tipo que corresponde ao IAXD que deben satisfacer estas vivendas novas. Ademais do evidente aforro fiscal, estas medidas contribúen a que o sistema fiscal aplicable en Galicia sexa máis neutral respecto á elección entre vivenda nova ou usada.

**Baixa un 15% para as compras de vivendas para rehabilitar**

Igualmente o Executivo galego vai impulsar unha baixada dun 15% do ITP (do 7 ao 6%) para compra de vivendas que vaian ser obxecto de rehabilitación ou reforma. Esta acción servirá como medida desincentivadora da fraude fiscal no IVE correspondente ás operacións de rehabilitación, xa que a aplicación do tipo reducido do 6% se vinculará á presentación das correspondentes facturas. Isto, pola súa vez, redundará nunha maior recadación por este imposto cuxo rendemento está cedido á comunidade autónoma nun 50%.

Ademais, contribuirá a que non siga aumentando o stock de vivendas dispoñibles coa construción de novas vivendas e que se recuperen aquelas que non reúnen as mínimas condicións para a súa habitabilidade, desprazando a actividade do sector da construción á rehabilitación. Tamén funcionará como medida de fomento ao emprego entre os parados do sector da construción.

Por outra banda, aplicarase unha dedución do 100% da cota no imposto sobre o IAXD para a constitución de préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual.

Neste sentido, na actualidade, con carácter xeral, están exentas do imposto sobre o IAXD as escrituras públicas de subrogación ou de novación modificativa de préstamos hipotecarios. Porén, nalgúns casos, a entidade financeira non admite a operación de subrogación senón que exige a constitución dun novo préstamo hipotecario co que se cancelará o preexistente con outra entidade financeira.

Coa medida preténdese que estas operacións de constitución para cancelación teñan o mesmo custo fiscal, cero, que as operacións de subrogación, de modo que o imposto sexa neutro, é dicir, que non afecte nas decisións dos axentes económicos en canto á operación que se vai realizar e con iso se amplíe a oferta dispoñible para o refinanciamento dos préstamos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Abarata custos non financiáveis na hipoteca**

Hai que salientar que este paquete de medidas achegan liquidez xa que serven para abaratar custos non financiáveis nun préstamo hipotecario. Así, conséguese rebaixar o desembolso que hai que facer a curto prazo no momento de acceder a unha vivenda, para o que normalmente non existe posibilidade de financiamento alleo.



## A XUNTA REFORZA O RECOÑECEMENTO DA IDENTIDADE DOS PRODUTOS ALIMENTARIOS GALEGOS MEDIANTE UN DECRETO

- *O documento distingue con claridade aqueles produtos que o consumidor medio – tanto de dentro como de fóra da Comunidade- identifica como ‘galegos’*

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao *Decreto que regula as mencións relativas á orixe ou procedencia galega na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimentarios*. O documento busca reforzar a protección e o recoñecemento da identidade dos produtos alimentarios da Comunidade.

Así, o documento recolle no seu preámbulo que “é un feito que o consumidor medio entende, cando de produtos alimentarios se trata, as mencións á orixe do estilo ‘produto de Galicia’, ‘producido en Galicia’, ‘produto galego’, ou simplemente ‘galego’, implican que o produto en cuestión está elaborado en Galicia e con materias primas galegas, polo que estas mencións e outras similares deben quedar reservadas para produtos alimentarios en que se dean estes requisitos. Noutros casos, cando no ámbito territorial da Comunidade só se realice algunha das fases do proceso de obtención do alimento, as referencias territoriais que se fagan na etiquetaxe, presentación e publicidade deberán ser relativas a esta fase”.

Con esta regulación búscase diminuír a confusión que pode ter o consumidor ao tomar por produtos galegos aqueles que son elaborados (transformados) en Galicia, pero que non sempre son producidos con materias primas galegas. A idea final da norma é que, cando un alimento faga referencia territorial á Comunidade, o consumidor saiba con exactitude se está feito con materias primas de, elaborado en, e/ou producido en Galicia.

A Xunta ten constatado usos abusivos das referencias territoriais a Galicia en produtos alimentarios que moi pouco ou nada tiñan que ver co que o consumidor medio identifica como un produto ‘galego’. Isto non significa que un produto ‘galego’ precise un 100% de materia prima galega; bo exemplo disto é a *Tarta de Santiago*, recoñecida recentemente con *Indicación Xeográfica Protexida* por ser “elaborada” en Galicia, malia que o seu compoñente esencial, a améndoa, non se produce na Comunidade, pero que goza dun recoñecemento universal da súa ‘galegitude’. Por iso os produtos amparados por D.O. (denominación de orixe) ou I.X.P. (indicación xeográfica protexida) quedan exentos da aplicación da nova norma.

### Calidade Galega 100%

O decreto pretende, así mesmo, reforzar recentes accións de promoción dos produtos alimentarios galegos, fundamentalmente do leite, cuxa orixe quere a Xunta aclarar en todo o posible, para que o consumidor sexa plenamente consciente da súa elección no lineal do supermercado. Así, entre as primeiras aplicacións prácticas do decreto hoxe

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

aprobado está a de reforzar a etiquetaxe *Calidade Galega 100%* para o leite e os produtos lácteos, presentada este pasado luns 12 de xullo polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, e o conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA ESTÁ A URBANIZAR CINCO RÚAS DE SANTIAGO POR IMPORTE DE 7 MILLÓNS DE EUROS E TRANSFERIRÁ AO CONCELLO 17 QUILÓMETROS DE VÍAS AUTONÓMICAS**

- *A Lei de estradas de Galicia establece que as vías autonómicas ou treitos determinados en que a circulación adquire características urbanas poderán ser entregadas aos respectivos concellos*
- *A partir da formalización da entrega, corresponderanlle ao Concello de Santiago de Compostela toda as actividades de xestión, mantemento e explotación das vías*
- *Ademais, un total de 5 rúas compostelás (Ponte do Romaño á rúa do Pombal, Camiño Novo á Volta do Castro, rúa Nova de Abaixo, avenida de Castelao e rúa Berlín), estanse a beneficiar de obras de humanización e mellora dos equipamentos públicos*
- *Todas estas actuacións están en execución e finalizarán ao longo do presente ano, agás a da rúa Nova de Abaixo, que xa está rematada*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o cambio de titularidade de preto de 17 quilómetros de estradas autonómicas a favor do Concello de Santiago de Compostela. Ademais, nestes momentos a Xunta de Galicia ten en marcha obras de urbanización en 5 rúas da capital compostelá por importe de 7 millóns de euros.

Estas actuacións, no núcleo de Compostela, lévanse a cabo a través dunha colaboración institucional entre o Goberno galego e o Concello de Santiago en materia de urbanismo. A finalidade é adecuar ambiental e urbanisticamente os espazos en que se desenvolve a vida dos cidadáns, contribuíndo así a mellorar a calidade de vida no seu conxunto, incrementando as dotacións e a mellora das instalacións urbanas. En definitiva, trátase de poñer en valor tanto as vías como o seu contorno.

**Rúas melloradas**

En concreto, o convenio de colaboración establece un investimento por parte da Xunta de Galicia de 7 millóns de euros para realizar obras de acondicionamento e mellora dos servizos urbanísticos.

Rúas en que se está a actuar	Melloras introducidas
<ul style="list-style-type: none"><li>• Ponte do Romaño á rúa do Pombal</li><li>• Camiño Novo á Volta do Castro</li><li>• Rúa Nova de Abaixo</li><li>• Avenida de Castelao</li><li>• Rúa Berlín</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Pavimentación rodada</li><li>• Construción e acondicionamento de beirarrúas</li><li>• Eliminación de barreiras arquitectónicas</li><li>• Implantación de servizos urbanísticos</li><li>• Dotación de mobiliario urbano e de humanización.</li></ul>

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
 Consello da Xunta

Nese sentido, foi necesario executar o levantamento do pavimento das beirarrúas e lousas de formigón, escavar terreos, rechear e compactar terras, instalar novas tubaxes, estender aglomerado para a construción das calzadas, así como a instalación de mobiliario urbano (bancos, papeleiras, decoración e arboredo) e luminario, así como nova sinalización.

Todas estas actuacións están en execución e finalizarán ao longo do presente ano, agás a da rúa Nova de Abaixo, que xa está rematada. O obxectivo de todas elas é adecuar ambiental e urbanisticamente os espazos en que se desenvolve a vida dos cidadáns, humanizando o contorno e dotándoo de novos equipamentos públicos.

**Cambio de titularidade**

Ademais, no anexo do referido convenio achégase unha relación de rúas de titularidade autonómica que serán transferidas ao Concello de Santiago de Compostela e que se detallan no seguinte gráfico.

<b>Estrada</b>	<b>Treito que se vai ceder</b>	<b>Lonx.</b>
<b>Avenida Xoán XXIII (AC-464)</b>	Avda. Xoán XXII (acceso da AC-463 a Santiago praza San Francisco)	<b>1.121 m</b>
<b>Travesía de Santiago de Compostela, cruzamento circunvalación coa estrada da Coruña a Romero Donallo (AC-463)</b>	Rúa de San Caetano Rúa da Paz Rúa da Pastoriza Rúa dos Basquiños Rúa de Santa Clara Rúa de San Roque Rúa das Rodas Rúa de Aller Ulloa Rúa da Virxe da Cerca Rúa da Ensinanza Tránsito da Mercé Fonte de Santo Antonio Rúa da Senra Avda. de Xoán Carlos I Rosalía de Castro	<b>3.112 m</b>
<b>Ramal da N-550 a Porta do Camiño, desde circunvalación ata Porta do Camiño (AC-465)</b>	Rúa de San Pedro Rúa dos Concheiros	<b>789 m</b>
<b>Ramal da N-550 a San Lázaro (AC-623)</b>	Desde circunvalación ata avda. do Camiño Francés	<b>979 m</b>
<b>Rúa do Hórreo (N-525)</b>	Da confluencia da avda. de Lugo á praza de Galicia	<b>564 m</b>
<b>Ramal AC-260 a Santiago (AC-261)</b>	De rúa do Hórreo a Ponte de Sar	<b>720 m</b>

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
 Consello da Xunta

<b>Avda. Quiroga Palacios (AC-252)</b>	Ramal N-550 ao Seminario Menor (de rúa Belvís a circunvalación)	<b>720 m</b>
<b>Patio de Madres (AC-252)</b>	Patio de Madres	
<b>De N-550 á Ponte da Rocha (AC-253)</b>	De N-550 á Ponte da Rocha	<b>800 m</b>
<b>A Rocha (N-550)-Vidán (AC-543) (AC548)</b>	Nova estrada enlace N-550 e C-543	<b>1.040 m</b>
<b>A Sionlla (N-550)-Estación da Sionlla (AC-251)</b>	A Sionlla (N-550)-Estación da Sionlla	<b>340 m</b>
<b>Lamas (AC-960)-Ponte Sar (AC-261)</b>	Ponte Marzán (Pq 9 + 600)-Ponte Sar (PK 11 + 200)	<b>1.600 m</b>
<b>A Susana (AC-960)-Estación da Susana (AC-262)</b>	A Susana (AC-960)-Estación da Susana	<b>260 m</b>
<b>Marantes (N-550)-Estación de Berdía (AC-462)</b>	Marantes (N-550)-Estación de Berdía	<b>4.300 m</b>
Santiago de Compostela (AC-548)-Noia (AC-550) (AC-543)  Acceso estadio municipal de San Lázaro ao Monte do Gozo (AC-543)	<b>Vidán (Pq 0 + 000)-Brandía (Pq 0 + 500) (nó de Vidán e glorieta de Brandía incluídos)</b>	<b>500 m</b>

As estradas mencionadas están a funcionar como vías de distribución de tráfico local e figuran na relación de estradas de titularidade autonómica susceptibles de ser transferidas por ter adquirido unhas marcadas características urbanas.

A partir da formalización da entrega, corresponderanlle ao Concello de Santiago de Compostela todas as actividades de xestión, mantemento e explotación das vías.

## **O CONSELLO APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A CONCELLOS PARA APOIAR AOS CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES, DOTADA CON MÁIS DE TRES MILLÓNS DE EUROS**

O Consello da Xunta aprobou hoxe a resolución do Servizo Galego de Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para apoio aos centros de información ás mulleres (CIM) para o ano 2010, dotada con 3.245.000 euros, 333.300 euros máis que no ano anterior.

A convocatoria está dirixida aos 77 concellos galegos que son titulares de centros de información ás mulleres, acreditados conforme o disposto no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, que teñen a finalidade de garantir a prestación dun servizo de atención ás mulleres que lles proporcione asesoramento xurídico e psicolóxico, información sobre os recursos específicos existentes, así como o desenvolvemento de actividades formativas vinculadas á empregabilidade feminina e calquera outra actividade que teña como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

O crédito destinado a estas axudas para o ano 2010 é de 3.245.000 euros, cofinanciados polo Fondo Social Europeo nun 80%, o que supón 333.300 euros máis que no ano 2009.

Este ano a convocatoria ten importantes novidades entre as cales cómpre sinalar a concesión de anticipos de ata o 80% da subvención concedida, sen constitución de garantías, co fin de que as entidades locais dispoñan dos recursos cando realmente os precisan, máxime neste momento conxuntural en que se atopan nunha situación financeira delicada e reciben maior demanda de servizos.

Así mesmo, establécese un modelo de axudas que simplifica toda a xestión administrativa que os concellos debían realizar para o seu cobramento, baseado nun sistema de incentivos vinculado ás contratacións de persoal realizadas para a prestación dos servizos dos centros, e que poden alcanzar un importe máximo de 45.000 euros, experimentando un incremento respecto á convocatoria anterior, na cal estaba fixado en 40.000 euros.

Outra das novidades é que, ademais das axudas económicas para o mantemento dos centros de información ás mulleres, a convocatoria recolle unha liña de actuación específica dirixida á realización de proxectos formativos para mulleres. O crédito destinado a esta liña son 245.000 euros, e a subvención poderá acadar o 100% do custo da acción sen superar o custo de 12.000 euros por proxecto formativo. Deste xeito, trátase de promover a realización por parte dos centros de información ás mulleres, de programas de formativos deseñados en función das demandas das mulleres do contorno que atenden e poder ofrecer así unha formación máis adecuada ás súas

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

necesidades, favorecendo a coordinación integral de todos os servizos que presta un centro de información ás mulleres.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA ASINARÁ UN CONVENIO CO MINISTERIO DE XUSTIZA E RED.ES PARA INVESTIR PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS NA IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS DIXITAIS NO ÁMBITO XUDICIAL GALEGO**

- *O acordo permitirá incorporar a infraestrutura necesaria para desenvolver o expediente xudicial dixital, os dispositivos de gravación audiovisual e videoconferencias e facilitará a interoperabilidade dos sistemas de xestión procesual*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, o Ministerio de Xustiza e a entidade pública Red.es para o desenvolvemento de servizos públicos dixitais no ámbito xudicial no marco do programa "Ius + reD".

O asinamento do acordo permitirá achegar un máximo de 1,9 millóns de euros ata 2012 para complementar as actuacións que está a desenvolver a Xunta no marco da súa estratexia de modernización da Xustiza a través do uso das tecnoloxías da información e a comunicación. Do importe total, a Administración autonómica achegará un máximo de 957.682 €, o Ministerio de Xustiza 287.305 € e Red.es ata 670.377 €.

**Medidas**

O investimento de preto de 2 millóns de euros permitirá dotar ás sedes xudiciais da infraestrutura necesaria para implantar o expediente xudicial dixital, establecendo os aplicativos e as actividades de capacitación necesarias para o seu desenvolvemento. Ademais, para permitir unha xestión máis eficiente e facilitar o traballo diario do persoal dos órganos xudiciais avanza no acceso unificado aos sistemas de xestión procesual.

Outra das accións previstas no convenio é a dotación de sistemas dixitais de gravación audiovisual e videoconferencias que permitan a integración cos sistemas de xestión procesual xa que as gravacións se poderán utilizar no procedemento xudicial e poderán ser visualizadas empregando o correspondente certificado dixital. Nesta mesma liña poranse en marcha accións para adaptar os sistemas de gravación ás exixencias que deriven da implantación da Nova Oficina Xudicial relativas á realización e xestión das visitas orais.

Así mesmo, o acordo permitirá a interoperabilidade dos sistemas de xestión procesual e o desenvolvemento de novos aplicativos informáticos e actividades formativas para o seu uso. Deste xeito cúmprese o compromiso acadado na Conferencia Sectorial de xuño de 2009 en materia xudicial entre todas as administracións implicadas para garantir a interoperabilidade dos sistemas de información que prestan servizo no eido xudicial con todas as garantías de seguridade e coa flexibilidade suficiente para non impoñer ningún sistema sobre os demais.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Plan Avanza**

Este acordo enmárcase nas medidas do Plan Avanza 2, que considera o desenvolvemento de servizos públicos dixitais como instrumento esencial para mellorar a calidade das accións das administracións públicas na rede. No contexto do Plan Avanza 2, o Ministerio de Xustiza e Red.es subscribiron o 20 de abril de 2010 un convenio marco de colaboración para o desenvolvemento de servizos públicos dixitais no ámbito da Administración de xustiza, denominado Programa "lus+reD" co obxectivo de sumar esforzos no proceso de modernización do Rexistro Civil e impulsar o desenvolvemento dos novos sistemas de información e comunicacións que se deriva da implantación da Nova Oficina Xudicial.

O acordo, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, permitirá implementar as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para avanzar na modernización da Xustiza recollidas o primeiro Plan de Sistemas TIC da Administración de xustiza en Galicia: Senda 2014, que busca dar solución as actuais dificultades con que se encontran os profesionais do eido xudicial no uso das novas tecnoloxías e, ao mesmo tempo, dar resposta ás necesidades que establece a Nova Oficina Xudicial. Cun orzamento de 34 millóns de euros en catro anos, o Plan Senda 2014 establece, por primeira vez, un conxunto das medidas para implantar de xeito efectivo as novas tecnoloxías na Xustiza.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE COMPLETA A REDE DE SANEAMENTO DO RÍO COROÑO, EN BOIRO, CUNHA NOVA ACHEGA DE MÁIS DE 840.000 EUROS

- *As actuacións da primeira fase, xa rematadas, supuxeron un investimento de 500.000 euros*
- *A segunda fase deste proxecto hidráulico ten como fin dotar de saneamento os núcleos carentes deste sistema: Mieites, Comoxo ou A Cuncheira*
- *As obras consisten en recoller as augas residuais e transportalas mediante colectores por gravidade e impulsións ao depósito de Coroño*
- *A Xunta tamén está a financiar con case 3 millóns de euros as obras de construción dun novo colector interceptor na praia de Barraña, que na actualidade xa está executado nun 70%*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración técnico- financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Boiro para a execución da segunda fase dos colectores de saneamento no río Coroño.

Augas de Galicia achega un importe económico de máis de 840.000 euros distribuídos nas anualidades que se corresponden co presente ano 2010 e o vindeiro 2011.

O proxecto hidráulico ten como finalidade primordial dotar de saneamento os núcleos de Boiro que na actualidade carecen deste sistema. É o caso de localidades como Mieites, Comoxo ou A Cuncheira.

As obras consisten en recoller as augas residuais dos núcleos anteriormente mencionados e transportalas mediante colectores por gravidade e impulsións ao depósito de Coroño, situado no lugar de Pazos.

As citadas actuacións hidráulicas, cuxo prazo de execución é de seis meses, beneficia máis de 500 habitantes deste municipio coruñés.

Neste sentido, o departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de obras, pretende resolver carencias en infraestruturas, neste caso hidráulicas, dos concellos galegos. Deste xeito, mellóranse as condicións de vida dos cidadáns e poténciase o desenvolvemento económico e social dos municipios da Comunidade galega.

### **Primeira fase**

Augas de Galicia executou a primeira fase da obra de instalación do colector de saneamento do río Coroño, no treito Brazos-Coroño. As actuacións, xa rematadas, contaron cunha achega económica de preto de 500.000 euros por parte do Goberno galego.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Os traballos consistiron na construción dunha nova rede de saneamento, paralela ao río Coroño, que recolle as augas residuais xeradas en varios núcleos de poboación.

A rede de saneamento conta con interceptor xeral e ramais secundarios, e ten unha lonxitude total de conducións de 3.400 metros. As augas residuais son conducidas polo interceptor xeral ata unha nova estación de bombeo ubicada na zona de Runes.

Estas novas infraestruturas hidráulicas benefician un total de 415 habitantes da citada localidade de Boiro.

**Interceptor na praia de Barraña**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas tamén financia as obras de construción dun novo colector interceptor na praia de Barraña, no concello de Boiro, por un importe próximo aos 3 millóns de euros. Esta obra está incluída no plan de choque para a eliminación de verteduras nas rías galegas e quedou comprometida a través do asinamento dun convenio entre a consellería, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o concello boirense, asinado en xullo de 2009.

Na actualidade, o colector interceptor está executado ao 100% e, con respecto ao tanque de tormentas, está realizado todo o perímetro apantallado. A previsión é que en breve se inicien as operacións de baleirado do tanque de tormentas. Nese sentido, a porcentaxe de execución desta obra é do 70%. A Consellería de Medio Ambiente espera que as obras rematen este mesmo ano.

As accións deste proxecto céntranse nun punto ao sur do núcleo urbano, onde se sitúa a praia de Barraña, na cal un colector interceptor recolle todos os secundarios que baixan a través de varias avenidas.

A rede do núcleo de Boiro é unitaria polo que, en canto chove, o interceptor reborda directamente á area da praia. Ademais, a rede non conta con ningún elemento de laminación e, de forma sistemática, cando chove forte os seus bombeos alivian e algúns pozos mesmo se ven desbordados.

Con estas obras lograrase o control das augas pluviais e eliminaranse a verteduras á praia de Barraña e, como consecuencia, á ría de Arousa.

O proxecto inclúe a continuación da renovación do interceptor, instalando un colector de poliéster reforzado con fibra de vidro en lugar do actual de fibrocemento, desde o pozo número 9 ata o novo tanque de Chouza. Tamén se construírá un tanque de tormentas para a retención dos importantes caudais xerados na rede en tempo de choivas na zona do peirao. O investimento previsto ascende a 3 millóns de euros.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA INVISTE PRETO DE 220.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUNHA NOVA ÁREA DE ESTACIONAMENTO DE BUSES NO CONCELLO DE BARREIROS**

- *A nova instalación situarase na rúa da Villa, nun tramo N-635, estrada que une a cidade de San Sebastián e Santiago de Compostela*
- *Este tipo de espazos configúranse como infraestruturas análogas ás estacións de autobuses nos concellos en que pola súa dimensión ou configuración urbana non é adecuada a construción dunha estación*
- *O obxectivo será mellorar as condicións de transporte para repercutir na mellora da ordenación do tráfico do transporte público, xa que se centralizará nun único lugar tanto as chegadas como as saídas dos autobuses*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello lugués de Barreiros para levar a cabo a construción dunha nova área de estacionamento de autobuses. A consellería, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, realizará unha achega de preto de 220.000 euros.

A nova instalación situarase na rúa Villa do concello de Barreiros, nun tramo da N-635, polo que dará servizo tamén aos viaxeiros de transporte público por estrada. A instalación estará formada por unha marquesiña de aceiro inoxidable de 20 metros de lonxitude, mentres que a plataforma actual servirá como lugar de espera aos viaxeiros. Para o estacionamento de autobuses empregárase a zona de aparcamento existente. Ademais, instalaranse papeleiras, bancos e procederase á posta a punto dunha iluminación adecuada.

Este tipo de espazos configúranse como infraestruturas análogas ás estacións de autobuses nos concellos en que, tanto pola súa dimensión como pola súa configuración urbana, non resultaría viable levalas a cabo. Esta actuación beneficiará aos preto de 2.250 veciños de Barreiros.

A Xunta de Galicia, ao longo dos últimos anos, acometeu diversos plans de construción de estacións de autobuses de diversos niveis, atendendo ás necesidades e demandas específicas que cada entidade de poboación demandaba. Na actualidade, é preciso continuar coa liña de creación de elementos dotacionais do transporte de viaxeiros. Nalgúns casos, non é necesario crear novas áreas de estacionamento, senón que tan só é preciso dotar a estación de novas instalacións que faciliten a penetración urbana ao transporte.

**Obrigas da Consellería e do Concello de Barreiros**

A Consellería de Medio Ambiente terá o deber de financiar a totalidade das obras así como licitalas, ademais de asumir a dirección da obra. Pola súa parte, o Concello de Barreiros deberá poñer á disposición da consellería os terreos libres de cargas e

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

gravames necesarios para a execución das obras, así como asumir o mantemento e a conservación das obras unha vez rematadas.

Para o seguimento do cumprimento das condicións establecidas no convenio, establecerase unha comisión de coordinación formada polo director xeral de Mobilidade, Miguel Rodríguez Bugarín, por un técnico da consellería, polo alcalde de Barreiros, José Alfonso Fuente, e por un funcionario do concello. A vixencia do convenio será ata o 31 de decembro de 2010, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude dunha causa xustificada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA INVISTE PRETO DE 220.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUNHA NOVA ÁREA DE ESTACIONAMENTO DE BUSES NA LOCALIDADE CORUÑESA DE CORME**

- *A nova instalación situarase na rúa dos Remedios, no núcleo urbano da vila coruñesa*
- *Este tipo de espazos configúranse como infraestruturas análogas ás estacións de autobuses nos concellos en que pola súa dimensión ou configuración urbana non é adecuada a construción dunha estación*
- *O obxectivo será mellorar as condicións de transporte para repercutir na mellora da ordenación do tráfico do transporte público, xa que se centralizarán nun único lugar tanto as chegadas como as saídas dos autobuses*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello coruñés de Ponteceso para levar a cabo a construción dunha nova área de estacionamento de autobuses na localidade de Corme. A consellería, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, realizará unha achega de preto de 220.000 euros.

A nova área de estacionamento de buses situarase na rúa Remedios, no núcleo urbano desta vila coruñesa. Estará composta por unha marquesiña de aceiro inoxidable cunha lonxitude de 20 metros e unha plataforma de 15 metros que servirá de lugar de espera para os viaxeiros. Ademais, completarase con mobiliario urbano apropiado para este tipo de lugares, como bancos e papeleiras; ademais dunha iluminación propia.

Este tipo de espazos configúranse como infraestruturas análogas ás estacións de autobuses nos concellos en que, tanto pola súa dimensión como pola súa configuración urbana, non resultaría viable levalas a cabo. Esta actuación beneficiará os preto de 1.200 habitantes da vila coruñesa.

A Xunta de Galicia, ao longo dos últimos anos, acometeu diversos plans de construción de estacións de autobuses de diversos niveis, atendendo ás necesidades e demandas específicas que cada entidade de poboación demandaba. Na actualidade é preciso continuar coa liña de creación de elementos dotacionais do transporte de viaxeiros. Nalgúns casos non é preciso crear novas áreas de estacionamento, senón que tan só é preciso dotar a estación de novas instalacións que faciliten a penetración urbana ao transporte.

**Obrigas da Consellería e do Concello de Ponteceso**

A Consellería de Medio Ambiente terá o deber de financiar a totalidade das obras así como licitalas, ademais de asumir a dirección da obra. Pola súa parte, o Concello de Ponteceso deberá poñer á disposición da consellería os terreos libres de cargas e gravames necesarios para a execución das obras, así como asumir o mantemento e a conservación das obras unha vez rematadas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Para o seguimento do cumprimento das condicións establecidas no convenio, establecerase unha comisión de coordinación formada polo director xeral de Mobilidade, Miguel Rodríguez Bugarín, por un técnico da consellería, polo alcalde de Ponteceso, José Luis Fondo, e por un funcionario do concello. A vixencia do convenio será ata o 31 de decembro de 2010, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude dunha causa xustificada.



## ECONOMÍA E INDUSTRIA FOMENTA O USO DO GALEGO NAS EMPRESAS GALEGAS COMO VANTAXE COMPETITIVA

- *O Consello da Xunta autoriza o primeiro convenio destas características en Galicia entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación Galicia Empresa*
- *O acordo ten como principais obxectivos animar as empresas ao uso do idioma galego como vantaxe competitiva que pode xerar oportunidades de negocio, e favorecer a normalización do uso do galego tanto na empresa como na sociedade*
- *Desde a Consellería de Economía e Industria existe un claro interese por tratar de impulsar aquelas accións que poidan xerar vantaxes competitivas das empresas galegas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Economía e Industria para establecer un único anticipo do 80% para o fomento e normalización do uso do galego na empresa no marco do convenio, o primeiro das súas características en Galicia, que o departamento que dirixe Javier Guerra asinará proximamente coa Fundación Galicia Empresa. A achega, de 40.000 euros, non precisará da presentación de garantías.

Con este convenio de colaboración acádase o compromiso de desenvolver un proxecto para o fomento e normalización do uso do galego na empresa. O acordo ten como principais obxectivos deste proxecto os seguintes: animar as empresas ao uso do idioma galego como vantaxe competitiva que pode xerar oportunidades de negocio; e favorecer a normalización do uso do galego tanto na empresa como na sociedade, dado que o mundo empresarial resulta fundamental como colaborador na recuperación do uso da concienciación idiomática polo efecto multiplicador que ten calquera actividade que desenvolva na sociedade.

A Fundación Galicia Empresa ten definido nos seus estatutos a promoción, vertebración e divulgación da empresa galega, ademais da normalización do uso do galego nela, e conta entre os seus socios con empresas punteiras en todos os sectores produtivos comprometidas con este fin, o que pode servir de espello e modelo tractor do fomento e normalización no uso do galego.

Desde a Consellería de Economía e Industria e, en particular, desde a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, existe un claro interese por tratar de impulsar aquelas accións que poidan xerar vantaxes competitivas das empresas galegas, e con este proxecto de fomento e normalización do uso do galego na empresa dinamizarase o empresariado galego, porque o uso do galego se pode considerar, hoxe en día, como unha oportunidade de negocio e un valor engadido para determinados produtos, mesmo cando son distribuídos no exterior.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA 37 MILLÓNS DE EUROS A APOIAR INVESTIMENTOS EMPRESARIAIS QUE PERMITIRÁN CREAR 1.000 NOVOS POSTOS DE TRABALLO E CONSOLIDAR MÁIS DE 8.000**

- *O orzamento autorizado hoxe polo Consello da Xunta para os investimentos é case un 6% superior ao da anterior convocatoria*
- *Co anticipo sen aval do 50% das subvencións concedidas o departamento que dirixe o conselleiro Javier Guerra procura superar os problemas que adoitan ter os empresarios para acadar o financiamento necesario para os seus proxectos de investimento*
- *A Xunta de Galicia prevé consolidar deste xeito o repuntamento dos investimentos empresariais detectado nos cinco primeiros meses deste ano, nos cales se recibiron 38 proxectos de grandes investimentos, fronte aos 5 do mesmo período do ano anterior (760% máis) que recollen investimentos por importe de case 300 millóns de euros, un 1.373% máis que no mesmo período de 2009*
- *Serán apoiables neste ámbito os investimentos empresariais a partir de 500.000 euros, e a partir de 200.000 nas zonas amparadas polos plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, e nas comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal e A Costa da Morte*

A Consellería de Economía e Industria destina un orzamento de 37 millóns de euros, case un 6% máis que na anterior convocatoria, a apoiar os grandes investimentos empresariais ao abeiro da convocatoria correspondente a 2010, que inclúe como principal novidade o prefinanciamento dos proxectos mediante o anticipo sen aval do 50% da anualidade das subvencións a fondo perdido concedidas, así como pagamentos parciais, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta de Galicia.

As bases de apoio aos proxectos de investimento empresarial, xestionadas a través do Instituto Galego de Promoción Económica, servirán para crear 1.000 novos postos de traballo e consolidar máis de 8.000 xa existentes, ademais de impulsar o repuntamento dos investimentos detectado nos cinco primeiros meses deste ano e avanzados xa na presentación de indicadores do Igape, nos cales se recibiron 38 proxectos de grandes investimentos, fronte aos 5 do mesmo período do ano anterior (760% máis) que recollen investimentos por importe de case 300 millóns de euros, un 1.373% máis que no mesmo período de 2009.

Promover a dinamización da economía galega mediante os investimentos e a creación de emprego son os obxectivos fundamentais das bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos de investimento empresarial. Neste marco, os promotores de investimento empresariais en Galicia poderán prefinanciar os seus proxectos accedendo a anticipos sen aval que cubrirán ata o 50% da anualidade da subvención concedida, segundo o acordo ratificado polo Consello da Xunta de Galicia.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Anticipos sen aval**

O prefinanciamento de proxectos mediante anticipos e pagamentos á conta sen necesidade de que os promotores dos investimentos acheguen aval é especialmente importante en momentos de restrición dos mercados financeiros, cando os empresarios teñen dificultades para acceder a financiamento para as súas iniciativas e mesmo se poden ver obrigados a renunciar aos seus proxectos por non poderen presentar garantías perante as administracións públicas ou as entidades financeiras. Co acordo mediante o cal o Consello autoriza a concesión de anticipos do 50% das axudas sen aval preténdese que ningún proxecto viable de investimento empresarial quede sen desenvolver por falta do financiamento axeitado.

Ao abeiro deste marco de apoio, serán en xeral subvencionables os investimentos empresariais a partir de 500.000 euros. Nas zonas amparadas polos plans Impulsa -as provincias de Lugo e Ourense-, e nas comarcas con marcos de apoio de especial intensidade –Ferrol e A Costa da Morte- serán apoiables proxectos a partir de 200.000 euros de investimento. Nestas áreas de especial dinamización, Economía e Industria garante ademais subvencións mínimas do 20% para proxectos de nova implantación en Galicia e do 15% para proxectos de ampliación, modernización ou innovación de instalacións xa existentes. A dotación orzamentaria para a convocatoria 2010, por un total de 37 millóns de euros –ampliáveis-, supera nun 5,7% a prevista da convocatoria anterior.

Os proxectos de investimento empresarial apoiables neste marco de axudas estarán orientados á creación de novos establecementos industriais, ou ben á ampliación ou modernización de instalacións preexistentes. Os proxectos poderán estar vinculados a actividades industriais en xeral, a turismo, a transporte e loxística, a servizos de apoio industrial, a actividades de tecnoloxía avanzada ou a investimentos en centros de desenvolvemento, investigación, etc.

**Servizos avanzados**

No marco das bases reguladoras das axudas do Igape a proxectos de investimento empresarial serán tamén subvencionables proxectos de servizos avanzados intensivos en emprego, proxectos innovadores con investimentos mínimos de 200.000 euros que leven asociada a creación de polo menos 10 postos de traballo indefinidos. Serán apoiables neste ámbito, entre outras actuacións, a implantación de sistemas tecnolóxicos, enxeñaría de produtos ou procesos industriais ou centros de desenvolvemento de software.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA IMPULSA POR PRIMEIRA VEZ EN GALICIA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE ALIMENTACIÓN HÍBRIDA PARA OS BUQUES DE PESCA

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio con Energylab para investir 703.000 euros nunha iniciativa que permitirá determinar a viabilidade e futura implantación do sistema na frota de baixura galega*
- *Esta iniciativa avanza nun dos propósitos fundamentais da Consellería de Economía e Industria, que non é outro que a elaboración, proposta e execución de plans e proxectos nas áreas de aforro e eficiencia enerxética*
- *A autorización do Consello da Xunta establece, ademais, o anticipo do 80% das axudas, para que Energylab se comprometa a definir, desenvolver e executar o proxecto demostrativo*

A Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, apoiará por primeira vez en Galicia o desenvolvemento dun proxecto demostrativo para a aplicación dun sistema de alimentación híbrida nunha embarcación asimilable aos buques de pesca de baixura galegos coa finalidade de determinar a súa viabilidade e futura implantación ao conxunto da frota pesqueira galega de baixura.

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe aos asinamentos dun convenio coa Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade (Energylab), polo que o departamento que dirixe Javier Guerra achegará 703.000 euros co obxectivo de avanzar nun dos propósitos fundamentais da Consellería de Economía e Industria, que non é outro que a elaboración, proposta e execución de plans e proxectos nas áreas de aforro e eficiencia enerxética.

A autorización do Consello da Xunta establece, ademais, o anticipo do 80% das axudas, para que Energylab se comprometa a definir, desenvolver e executar o proxecto demostrativo titulado “Aplicación de sistema de alimentación híbrida en buque de pesca” nunha embarcación asimilable aos barcos de pesca de baixura da nosa comunidade autónoma, consistente na implantación dun sistema híbrido de alimentación e de subministración de enerxía eléctrica.

A realización deste proxecto comprenderá catro fases, divididas en coordinación, definición e planificación; proxecto técnico; execución; e demostración. Con estes traballos poderase determinar a viabilidade, tanto técnica coma económica, de implantar un sistema de alimentación híbrida no conxunto dos barcos de pesca de baixura.

Esta nova acción da Consellería de Economía e Industria únese ao recente estudo realizado polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) en colaboración co Centro Tecnolóxico da Pesca (Cetpec) para mellorar o aforro e a eficiencia enerxética neste sector. Deste estudo desprendeuse que a optimización enerxética que pode chegar a alcanzar un buque pesqueiro galego mediante a aplicación dun conxunto de medidas

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

para reducir o custo enerxético é dun 48% de aforro anual e un aforro de combustible de máis de 73.000 litros, o que cuantificado en termos económicos significa uns 30.000 euros e en aforro de emisións equivale á redución de ata un máximo de 215 toneladas de CO2 á atmosfera.

Estas cifras de aforro acadable obtivéronse tras realizar unha completa análise do sector consistente na realización dun total de 98 auditorías enerxéticas a buques de pesca nun total de 25 portos da xeografía galega (Aldán, Arcade, Baiona, Bueu, Burela, Celeiro, Camariñas, Cambados, Camelle, Cangas, Cíes, Corcubión, Corme, O Grove, A Guarda, Laxe, Lira, Malpica de Bergantiños, Marín, Muros, Pedras Negras, Redondela, Ribeira, San Cibrao e Viveiro). Deste xeito puidéronse recoller datos procedentes de buques que faenan en diversos caladoiros, o que permitiu ter un estudo enerxético detallado das diferentes artes de pesca que operan en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA DE GALICIA APOIA O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA CUNHA ACHEGA DE CASE 1,5 MILLÓNS DE EUROS**

- *Deste xeito facilita o acceso dos profesores, investigadores e do alumnado ás publicacións académicas máis importantes*
- *As consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Economía e Industria, Cultura e Turismo, a Secretaría Xeral de Medios, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), e as tres universidades galegas colaboran con estas bibliotecas*

A Xunta de Galicia demostrou o seu apoio ao Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGALICIA), co visto e prace a unha achega de 1.480.000 euros para manter os seus fondos. Deste xeito, as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Economía e Industria, Cultura e Turismo, a Secretaría Xeral de Medios, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), e as tres universidades galegas contribúen a mellorar as bibliotecas dos centros universitarios de Galicia, que prestan un importante servizo ao profesorado, aos investigadores e aos alumnos do Sistema Universitario de Galicia.

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGALICIA) permite seguir mellorando os recursos electrónicos de información científica para a investigación da comunidade universitaria galega. Ademais supón un importante apoio á introdución das novas tecnoloxías nos servizos bibliotecarios universitarios.

En concreto a achega está destinada a cubrir o custo das subscricións ás principais publicacións académicas máis importantes utilizadas polos investigadores do SUG, polo que se facilita o acceso dos investigadores a elas. Desta forma a Xunta de Galicia demostra o seu compromiso co impulso da calidade do ensino e da investigación universitaria, fundamental para o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da nosa Comunidade.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA DESTINA 9,6 MILLÓNS DE EUROS A SUBVENCIONAR PROXECTOS EMPRESARIAIS QUE FAVOREZAN A PROTECCIÓN E A MELLORA DO AMBIENTE**

- *A finalidade destas concesións é fomentar unha actitude respectuosa co ambiente por parte das pequenas e medianas empresas*
- *O período subvencionable abarcará os gastos relativos ás actuacións realizadas polas entidades beneficiarias entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 30 de novembro de 2011*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ás pequenas e medianas empresas (PEMES) para o financiamento das actuacións destinadas á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental para os anos 2010 e 2011. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, exercerá como órgano competente para adxudicar as subvencións.

Con este acordo preténdese apoiar economicamente os esforzos realizados polas pequenas e medianas empresas á hora de abordar cambios no desenvolvemento da súa actividade que supoñan unha mellora ou beneficio desde o punto de vista ambiental.

O orzamento total das axudas ascende a 9.558.952 millóns de euros. Esta cantidade distribuirase en dúas anualidades: destinaranse 6.678.007 para este ano e 2.880.875 para 2011. Estas axudas están cofinanciadas nun 70% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.

**Obxectivos**

Estas subvencións van destinadas a fomentar unha actitude respectuosa co medio ambiente por parte das pequenas e medianas empresas, e supoñen un beneficio non só para o ambiente e a sociedade en xeral, senón tamén para as propias empresas en temas de aforros de recursos, prevención e xestión adecuadas dos seus recursos ou prevención de riscos ambientais.

Entre as actuacións subvencionables pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, están incluídas as que se detallan a continuación.

<b>ACTUACIÓN</b>	<b>CONTÍA DA AXUDA</b>
Investimentos das empresas co fin de acadar unha redución das emisións á atmosfera	Ata un 60% dos custos totais subvencionables do proxecto cun límite máximo de 60.000 euros
Investimentos das empresas destinados a mellorar o seu comportamento ambiental en materia	Ata un 60% dos custos totais subvencionables do proxecto cun límite máximo de 60.000 euros



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

de xestión e uso sustentable dos recursos e os residuos	
Estudos de análise e avaliación de riscos ambientais en instalacións industriais	Ata un 60% do custo da análise de risco ambiental, cun límite máximo de 10.000 euros
A implantación e o mantemento no Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambiental (EMAS)	Ata un 60% do custo da implantación e verificación, cun límite máximo de 15.000 euros para os beneficiarios que realicen a implantación e inscrición no Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambiental (EMAS)
Investimentos para a adaptación do software destinado a potenciar o emprego, por parte das empresas, de medios electrónicos no cumprimento das obrigas de información en materia ambiental	Ata un 60% dos custos subvencionables cun límite máximo de 10.000 euros

**Beneficiarios**

As empresas que poderán obter estas axudas serán aquelas PEMES que teñan o seu domicilio social ou algún dos seus centros no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e sexa neste mesmo ámbito territorial en que se desenvolva ou materialice o proxecto ou actuación obxecto da subvención.

Estas axudas serán compatibles con outras que, para a mesma finalidade, concedan outras administracións públicas sempre e cando non estean cofinanciadas tamén polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, por calquera outro fondo ou instrumento financeiro comunitario e o importe total das axudas non supere, illadamente ou conxuntamente con outras, nin o custo elixible do proxecto nin o custo total da actividade que se vaia desenvolver.

O período subvencionable abarcará os gastos relativos ás actuacións subvencionables realizadas polas entidades beneficiarias entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 30 de novembro de 2011.



## O CONCURSO PÚBLICO DE 121 DEREITOS MINEIROS CADUCADOS EN OURENSE DINAMIZARÁ O SECTOR E FOMENTARÁ O EMPREGO

- *O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao informe remitido pola Consellería de Economía e Industria*
- *Trátase do primeiro concurso público dos terreos francos resultantes da declaración de caducidade de dereitos mineiros que se leva a cabo en Galicia desde a entrada en vigor, en xullo de 2008, da Lei de ordenación da minaría de Galicia*
- *O obxectivo é desconxestionar a situación de parálise na xestión destes recursos e facilitar o acceso a estes, posto que transcorreron máis de dez anos desde que se levou a cabo o último concurso destas características*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o seu visto e praxe ao informe remitido pola Consellería de Economía e Industria sobre a convocatoria de concurso público sobre os dereitos mineiros caducados na provincia de Ourense. O documento reflicte que esta convocatoria, xa publicada no Diario Oficial de Galicia, saca a concurso público 121 dereitos mineiros caducados en terreos declarados francos coa intención de dinamizar o sector mineiro, poñer en valor os recursos do subsolo galego e fomentar a creación de emprego e investimentos neste sector dando, deste xeito, accesibilidade ás empresas mineiras para que poidan solicitar permisos de investigación e concesións directas de explotación sobre estes terreos.

O informe salienta tamén que este é o primeiro concurso público dos terreos francos resultantes da declaración de caducidade de dereitos mineiros que se leva a cabo en Galicia desde a entrada en vigor, en xullo de 2008, da Lei de ordenación da minaría de Galicia, ao cal seguirán os das outras tres provincias galegas, coa finalidade de coordinar, fomentar e dinamizar a minaría galega en condicións de sustentabilidade e seguridade, promovendo un aproveitamento racional dos recursos compatible coa protección do ambiente.

Transcorreron máis de dez anos desde que se levou a cabo o último concurso destas características, o que produciu unha situación de parálise na xestión destes recursos que coa convocatoria deste concurso se vai desconxestionar nun momento en que é fundamental sacar rendemento deles.

## SANIDADE CONTINÚA CUMPRINDO O COMPROMISO DE MENOS DE 30 DÍAS DE ESPERA MEDIA PARA AS PERSOAS CON PATOLOXÍAS GRAVES

- *En 30 de xuño de 2010 diminúe a 20,8 días o tempo medio de espera para pacientes con patoloxías prioridade 1 e de 61,7 días para as de prioridade 2*
- *O tempo medio de espera cirúrxica global sitúase en 71 días, seis días menos que no trimestre anterior*
- *No que respecta ás consultas, o tempo medio de espera sitúase en 61,1 días*
- *A implicación dos profesionais permite aumentar a actividade ordinaria en todos os centros de Sergas, polo que o rendemento cirúrxico se incrementou ata situarse en maio nun 73,4%*

En cumprimento do compromiso asumido a principios da lexislatura, a Consellería de Sanidade focaliza o seu esforzo en descender o tempo medio de espera para aqueles pacientes que padecen patoloxías moi graves (prioridade 1) ou graves (prioridade 2). Neste sentido, Sanidade continúa cumprindo o compromiso garantindo unha espera media de menos de 30 días nas patoloxías preferentes.

En concreto, en 30 de xuño de 2010 o tempo medio de espera para estes pacientes moi graves foi de 20,8 días (diminuíndo en 0,4 a espera acadada no trimestre anterior), mentres que o tempo de espera media para patoloxías de prioridade 2 é na actualidade de 61,7 días, 7,2 días menos que no trimestre anterior.

A nivel global e con datos en 30 de xuño de 2010, a media de espera cirúrxica sitúase en Galicia en 71 días, é dicir, seis días menos que no primeiro trimestre do ano. A espera global diminúe de 71 a 65 días ao contabilizar só as esperas dos centros da rede do Servizo Galego de Saúdo (sen contar o Hospital de Povisa, en Vigo). En xuño había 36.180 pacientes na lista de espera cirúrxica, fronte aos 36.770 que había no pasado mes de marzo, é dicir, 590 persoas menos.

No tocante ás especialidades en prioridade 1, as que teñen os menores tempos de espera son cirurxía cardíaca (8,6 días), cirurxía maxilofacial (11,4 días) e cirurxía plástica e reparadora (13,8).

### **Diminúe o tempo de espera en consultas**

En 30 de xuño de 2010, o tempo medio de espera para as consultas sitúase en 61,1 días, é dicir, 3,5 días menos do que se rexistraba en xuño de 2009. As especialidades que máis diminuíron a espera ao comparar os datos de marzo cos de xuño foron as de xinecoloxía (19 días menos de espera media), reumatoloxía (na cal reflicte un descenso de 17 días), cirurxía pediátrica (13,9 días menos de espera media), e anxioloxía e cirurxía vascular (onde se baixou en 13,6 días a espera media).

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Especialidades como cirurxía cardíaca teñen actualmente unha espera media para unha consulta de 9,8 días (diminúe en 5,9 días a cifra do trimestre anterior); en cirurxía torácica é de 11,7 días, e en oncoloxía médica é de 9,2 días.

A maior diminución nos tempos de espera de probas entre os meses de marzo e xuño de 2010 é a experimentada polas endoscopias dixestivas, que se sitúa agora en 88,7 días, é dicir, 73,6 menos que o trimestre anterior. Tamén diminuíu a demora en radioloxía de mama (47,4 días menos); estudo endócrino (37,3 días menos); PET (37,2 días menos); e estudo urolóxico (28 días menos).

**Máis actividade nos centros do Sergas**

A implicación decidida dos profesionais, comprometidos coa calidade da atención e tamén con ofrecer unha atención máis rápida e adaptada á situación particular de cada paciente, está a permitir aumentar a actividade ordinaria.

En concreto, durante o primeiro semestre de 2010 realizáronse nos hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde un total de 55.357 intervencións cirúrxicas en xornada ordinaria, o que supón un incremento do 11,06% na actividade cirúrxica ordinaria con respecto ao mesmo período do ano 2009 –é dicir, 5.511 intervencións máis-, o maior incremento rexistrado nos últimos anos.

O Servizo Galego de Saúde tamén incrementou a súa actividade nos últimos doce meses no tocante a consultas e probas diagnósticas ou terapéuticas. Así, aumentaron en 1.197 as consultas se se comparan co período anterior; en 21.520 os radiodiagnósticos convencionais; en 7.182 os TAC; en 5.625 as endoscopias dixestivas; en 4.052 as electrocardiografías; e en 4.268 as resonancias magnéticas.

Tamén o rendemento cirúrxico volveu aumentar nos últimos meses nos hospitais da rede sanitaria galega, que se sitúa no mes de maio nun 73,4% (en marzo era dun 71,57%).

## CULTURA E TURISMO INFORMA O CONSELLO DA XUNTA DA APERTURA DO PANTEÓN DOS GALEGOS ILUSTRES

- *A Consellería de Cultura e Turismo e o Arcebispado de Santiago de Compostela asinaron un protocolo de colaboración para a apertura ao público do Panteón dos Galegos Ilustres desde onte, 14 de xullo*
- *Este acordo tamén recolle a posibilidade de que a Xunta de Galicia utilice a igrexa de San Domingos de Bonaval para a celebración de determinados actos institucionais*

A Consellería de Cultura e Turismo informou hoxe o Consello da Xunta da apertura ao público do Panteón dos Galegos Ilustres desde o 14 de xullo. Este acordo, entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Arcebispado de Santiago de Compostela, tamén recolle a posibilidade de que a Xunta de Galicia utilice a igrexa de San Domingos de Bonaval (coa excepción da capela do Rosario e do cemiterio do Rosario) para a celebración de determinados actos institucionais.

A Consellería de Cultura e Turismo queda autorizada para a xestión e o mantemento do Panteón dos Galegos Ilustres, que se atopa na igrexa de San Domingos de Bonaval, así como para a súa apertura ao público, establecendo os seus horarios e as datas de apertura que se consideren oportunos. En virtude deste acordo, a visita ao Panteón dos Galegos Ilustres poderase incluír no programa de actividades e funcionamento do Museo do Pobo Galego, tal e como foi a práctica habitual durante anos.

A Xunta de Galicia poderá utilizar estas instalacións para a celebración de actos institucionais durante cinco días ao ano. Unha das datas que se reservará expresamente para a súa posible utilización como lugar de celebración de actos institucionais será o 25 de xullo, día de Galicia. As catro datas restantes fixaraas unha comisión mixta paritaria constituída para a interpretación e o seguimento deste protocolo. A vixencia desde acordo estenderase por un ano e poderase prorrogar automaticamente por períodos anuais se non media denuncia de ningunha das partes con dous meses de antelación.

### **Panteón dos Galegos Ilustres**

A Igrexa de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela, é un edificio senlleiro e emblemático para Galicia, tanto por ser un símbolo da arquitectura galega como por albergar o Panteón dos Galegos Ilustres. Esta igrexa, que está xunto coa capela do Rosario e o cemiterio do Rosario, coas súas dependencias anexas, pertence en pleno dominio á Arquidiocese do Arcebispado de Santiago de Compostela.

A Xunta e o Arcebispado de Santiago de Compostela consideran a grande importancia que este espazo tan singular ten para a nosa cultura e para os nosos cidadáns, onde repousan figuras claves da cultura e da historia de Galicia como Rosalía de Castro, Alfredo Brañas, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas, Domingo Fontán ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.